

Limite

Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía

Vol. 11.2 / 2017



2017

Revista científica de carácter anual sobre estudios portugueses y lusófonos, promovida por el Área de Filologías Gallega y Portuguesa (UEx) en colaboración con la SEEPLU.
<http://www.revistalimite.es>

CONSEJO DE REDACCIÓN

Director - Juan M. Carrasco González - direccion@revistalimite.es

Secretaría - María Luísa Leal / M^a Jesús Fernández García secretaria@revistalimite.es

VOCALES

Carmen M^a Comino Fernández de Cañete (Universidad de Extremadura)

Christine Zurbach (Universidade de Évora)

Julie M. Dahl (University of Wisconsin-Madison)

Luisa Triás Folch (Universidad de Granada)

M^a da Conceição Vaz Serra Pontes Cabrita (Universidad de Extremadura)

lolanda Ogando (Universidad de Extremadura)

Salah J. Khan (Universidad de Extremadura)

Teresa Araújo (Universidade de Lisboa)

Teresa Nascimento (Universidade da Madeira)

COMITÉ CIENTÍFICO

Ana Luísa Vilela (Universidade de Évora)

Ana Maria Martinho (Universidade Nova de Lisboa)

António Apolinário Lourenço (Universidade de Coimbra)

Antonio Sáez Delgado (Universidade de Évora)

Cândido Oliveira Martins (Universidade Católica Portuguesa-Braga)

Cristina Almeida Ribeiro (Universidade de Lisboa)

Dieter Messner (Universität Salzburg)

Gerardo Augusto Lorenzino (Temple University, Philadelphia)

Gilberto Mendonça Teles (Pontifícia Universidade Católica do Rio de Janeiro)

Hélio Alves (Universidade de Évora)

Isabel Leiria (Universidade de Lisboa)

Isabelle Moreels (Universidad de Extremadura)

Ivo Castro (Universidade de Lisboa)

José Augusto Cardoso Bernardes (Universidade de Coimbra)

José Camões (Universidade de Lisboa)

José Muñoz Rivas (Universidad de Extremadura)

Maria Carlota Amaral Paixão Rosa (Universidade Federal do Rio de Janeiro)

M^a Filomena Candeias Gonçalves (Universidade de Évora)

M^a da Graça Sardinha (Universidade da Beira Interior)

M^a Graciete Besse (Université de Paris IV-La Sorbonne)

Maria Helena Araújo Carreira (Université de Paris 8)

Nuno Júdice (Universidade Nova de Lisboa)

Olga García García (Universidad de Extremadura)

Olívia Figueiredo (Universidade do Porto)

Otilia Costa e Sousa (Instituto Politécnico de Lisboa)

Paulo Osório (Universidade da Beira Interior)

Xosé Henrique Costas González (Universidade de Vigo)

Xosé Manuel Dasilva (Universidade de Vigo)

EDICIÓN, SUSCRIPCIÓN E INTERCAMBIO

Servicio de Publicaciones. Universidad de Extremadura

Plz. Caldereros, 2. C.P. 10071 – Cáceres. Tfno. 927 257 041 / Fax: 927 257 046

<http://www.unex.es/publicaciones> – e-mail: publicac@unex.es

© Universidad de Extremadura y los autores. Todos los derechos reservados.

© Ilustración de la portada: Miguel Alba. Todos los derechos reservados.

Depósito legal: CC-973-09 . I.S.S.N.: 1888-4067

Limite

Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía

Número 11.2 – 2017

Lingüística Histórica

Coord. Juan M. Carrasco González

Raquel Alonso Parada



Bases de datos y sistemas de categorización donde está incluida la revista:

ISOC y DICE (Consejo Superior de Investigaciones Científicas), Dialnet, Latindex, CIRC (Clasificación Integrada de Revistas Científicas).



Juan M. Carrasco González, director de la revista, tiene el placer de anunciar que *Limite. Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía* ha sido aceptada para su indexación en el Emerging Sources Citation Index, la nueva edición de Web of Science. Los contenidos de este índice están siendo evaluados por Thomson Reuters para su inclusión en Science Citation Index Expanded™, Social Sciences Citation Index®, y Arts & Humanities Citation Index®. Web of Science se diferencia de otras bases de datos por la calidad y solidez del contenido que proporciona a los investigadores, autores, editores e instituciones. La inclusión de (Revista) en el Emerging Sources Citation Index pone de manifiesto la dedicación que estamos llevando a cabo para proporcionar a nuestra comunidad científica con los contenidos disponibles más importantes e influyentes

Limite

Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía

Número 11.2 – 2017 - *Lingüística Histórica*

SUMARIO / SUMÁRIO

Lingüística Histórica

- Juan M. Carrasco González y Raquel Alonso Parada** – Introducción:
Lingüística Histórica 9-11
- Anselmo López Carreira** – Inés de Castro e Pedro Madruga. Dúas
tentativas de unión entre Galicia e Portugal na baixa Idade Media 13-33
- Francisco Javier Tovar Paz** – Valerio del Bierzo sobre la *Peregrinatio*
Egeriae: Deixis del género literario y sentido de la epístola 35-55
- Ramón Mariño Paz** – Sobre algunhas concomitancias luso-galaicas
do “Vocabulario de Palavras e Modos de Falar do Minho, e Beira,
&c.” (1728) de Raphael Bluteau 57-77
- Concepción Álvarez Pousa** – As variedades vianesa e a frieiresa-
portelá do galego oriental e as súas afinidades co portugués 79-109
- Xosé Henrique Costas González** – Os actuais subsistemas de
sibilantes nas falas do val do río Ellas ou de Xálima e as
dificultades para a súa normativización conxunta 111-132

Varia

- Angélica García-Manso** – Adaptaciones fílmicas de los textos de
Fernando Pessoa: clave de lectura para *Filme do Desassossego* 135-153
- Isabel Cristina Mateus** –Entre as margens e o centro: Fialho de
Almeida, um retrato (im)possível 155-172
- Miguel Ángel Buil Pueyo** – Recordando a Fialho de Almeida,
cuentista y polemista en su 160 aniversario 173-193
- Julie M. Dahl** – Portuguese Memories Made in Spain: How the
Spanish Television Series *Cuéntame cómo pasó* became *Conta-me
como foi* 195-214

Reseñas /recensões

- Raquel Alonso Parada** – Ramón Mariño Paz & Xavier Varela
Barreiro, *A lingua galega no solpor medieval*. Santiago de
Compostela, Consello da Cultura Galega, 2016 217-219
- Tânia Regina Teixeira Monteiro** - Hermínia Malcata, *Hoje em Dia*,
Lisboa, LIDEL, 2016 220-222
- Iolanda Ogando González** - Fernando Albuquerque Costa /
Elisabete Cruz, *Atividades para Inclusão Digital de Adultos*.
Propostas para todos quantos trabalham com adultos em 223-225

<i>contextos formais, não formais ou informais</i> , Lisboa, Instituto de Educação, Universidade de Lisboa, 2016	
Xosé Manuel Dasilva - Luís de Camões, <i>Os Lusíadas</i> , Sevilla, Editorial Renacimiento, 2016.	226-229
M^a Jesús Fernández García – Carlos Taibo, <i>Comprender Portugal</i> , Madrid, La Catarata, 2015	229-235
Normas de publicación / Normas de publicação	237-242

Limite

Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía

Vol. 11.2 – 2017 - *Historical Linguistics*

SUMMARY

Historical Linguistics

- Juan M. Carrasco González & Raquel Alonso Parada** – Introduction: Historical Linguistics 9-11
- Anselmo López Carreira** – Inés de Castro and Pedro Madruga. Two Attempts at Union between Galicia and Portugal in the Late Middle Ages 13-33
- Francisco Javier Tovar Paz** – Valerio del Bierzo on the *Peregrinatio Egeriae*: Deíxis and Literary Genre and Meaning of the Epistle 35-55
- Ramón Mariño Paz** – Reflections on Luso-Galician Concomitances in “Vocabulário de Palavras e Modos de Falar do Minho, e Beira, &c.” (1728) by Raphael Bluteau 57-77
- Concepción Álvarez Pousa** – Eastern Galician Varieties from Viana and from As Frieiras-As Portelas and Their Similarities with Portuguese 79-109
- Xosé Henrique Costas González** – The Current Subsystems of Sibilant Sounds in the Dialects of the Ellas or Xalima Valley and the Difficulties of a Unified Writing 111-132

Varia

- Angélica García-Manso** – Film Adaptations of texts by Fernando Pessoa: reading keys for *Filme do Desassossego* 135-153
- Isabel Cristina Mateus** –Between the Margins and the Center: Fialho de Almeida, an (Im)possible Portrait 155-172
- Miguel Ángel Buil Pueyo** – Remembering Fialho de Almeida, Portuguese Story Teller and Polemicist on his 160th Anniversary 173-193
- Julie M. Dahl** – Portuguese Memories Made in Spain: How the Spanish Television Series *Cuéntame cómo pasó* became *Conta-me como foi* 195-214

Reviews

- Raquel Alonso Parada** – Ramón Mariño Paz & Xavier Varela Barreiro, *A lingua galega no solpor medieval*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2016 217-219
- Tânia Regina Teixeira Monteiro** - Hermínia Malcata, *Hoje em Dia*, Lisboa, LIDEL, 2016 220-222
- Iolanda Ogando González** - Fernando Albuquerque Costa / Elisabete Cruz, *Atividades para Inclusão Digital de Adultos. Propostas para todos quantos trabalham com adultos em*

<i>contextos formais, não formais ou informais</i> , Lisboa, Instituto de Educação, Universidade de Lisboa, 2016	223-225
Xosé Manuel Dasilva - Luís de Camões, <i>Os Lusíadas</i> , Sevilla, Editorial Renacimiento, 2016	226-229
M^a Jesús Fernández García – Carlos Taibo, <i>Comprender Portugal</i> , Madrid, La Catarata, 2015	229-235
Standards of Publication	237-242

Sobre algunhas concomitancias luso-galaicas do “Vocabulario de Palavras e Modos de Falar do Minho, e Beira, &c.” (1728) de Raphael Bluteau

Ramón Mariño Paz
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela
Ramon.marino.paz@usc.es

Data de recepción do artigo: 17-01-2017
Data de aceptación do artigo: 20-11-2017

Resumo

No segundo suplemento do seu *Vocabulario Portuguez, e Latino* (1712-1728) Raphael Bluteau publicou un “Vocabulario de Palavras e Modos de Falar do Minho, e Beira, &c. Cuja noticia não veyo a tempo de se lhe dar o seu lugar Alfabetico neste Supplemento” (1728) que resulta de grande interese para a historia das variedades diatópicas do idioma portugués e tamén para a historia do galego medio (sécs. XVI-XVIII). Neste artigo mostro que este vocabulario achega informacións que aclaran certas pasaxes difíciles de textos galegos daquel tempo e que completan o noso coñecemento sobre o galego medio.

Palabras clave: Galego medio – portugués setentrional – Bluteau.

Abstract

In the second supplement of his *Vocabulario Portuguez, e Latino* (1712-1728) Raphael Bluteau published a “Vocabulario de Palavras e Modos de Falar do Minho, e Beira, &c. Cuja noticia não veyo a tempo de se lhe dar o seu lugar Alfabetico neste Supplemento” (1728). This vocabulary contains interesting information about the northern varieties of Portuguese and can be also very useful for those who do research in Middle Galician (16th-18th centuries). This paper shows that this “Vocabulario de Palavras e Modos de Falar do Minho, e Beira, &c.” can clear up some difficult passages of Galician texts of that time and completes our knowledge about Middle Galician.

Keywords: Middle Galician – Northern Portuguese – Bluteau.

1. Uso lisboeta e variantes diatópicas no *Vocabulario Portuguez, e Latino*

Entre 1712 e 1728 publicouse en Coimbra e Lisboa o monumental *Vocabulario Portuguez, e Latino* de Raphael Bluteau (1638-1734). Mentres que na cidade do Mondego saíron do prelo os catro primeiros volumes en 1712 e 1713, foi á beira do Tejo onde apareceron os outros catro en 1716, 1720 e 1721 e onde en 1727 e 1728 se completou a magna obra con dous suplementos (cf. Bluteau 1712-1728). O infatigable clérigo teatino que a elaborou nacera en Londres de pais franceses e, chegado a Lisboa en 1668, non tardou en confirmar o prestixio de orador sagrado de que viña precedido nin tampouco en se poñer a aprender, cultivar e estudar a lingua portuguesa, á que de alí en diante consagrou innumerables horas de traballo.

Consonte a minuciosa exposición de Silvestre (2008), o *Vocabulario Portuguez, e Latino* foi un dicionario producido coa intención de lle conferir prestixio á lingua portuguesa, quer autorizando o uso e a ortografía das súas voces con exemplos tomados dun considerable elenco de autores dos séculos XVI, XVII e XVIII, quer subliñando a súa proximidade co idioma latino, modelo certo naquela época da elegancia, da riqueza e da precisión expresivas. A obra destaca, entre outras cousas, pola gran abundancia dos saberes enciclopédicos que nela reuniu Bluteau e polo esforzo por facer patente que o portugués, aínda entón en transo de superar o perigo de dialectalización fronte ao castelán en que se sumira desde antes e ata ben despois da experiencia “filipina” (1580-1640)¹, era unha lingua con vocabulario e recursos suficientes para expresar sen restrición ningunha os saberes propios de todas as artes e de todas as ciencias. Cara a isto apuntaba, con certeza, a sucesión no seu subtítulo de cincuenta e sete adxectivos que designaban os campos léxicos que quería cubrir este ambiciosísimo dicionario e cara a isto apuntaba tamén a manifesta apertura do seu

¹ Sobre a deriva tendente a converter o portugués nun dialecto do castelán entre finais do século XV ata os principios do XVIII cf. Stegagno Picchio (1959), Vázquez Cuesta (1988), Vázquez Corredoira (1998) e Castro (2006: 223-227). Sobre a posición de Bluteau en relación con esta deriva cf. Mariño Paz (2002-2003: 8-11).

autor ao préstamo vocabular, nomeadamente o francés polo que se refería ás linguas modernas e, con determinación aínda máis rotunda, o latino:

Na grande afinidade do Portuguez com o Latim, se vé claramente que o Lacio há de ser a fonte, e o thesouro mais proprinquo, donde Portugal há de tirar as palavras, de que necessita. Por-isso à Nação Portuguesa, mais que a qualquer outra, lhe importa saber com perfeição o idioma Latino (Bluteau 1712-1728: I, “Ao muito alto e muyto poderoso rey Dom Joaõ o Quinto, XXI dos naturaes reys de Portugal”, s.p.).

No *Vocabulario* o léxico libre de marcas diatópicas (“Palavra da Beira”, “He palavra usada no Alem-tejo”...) débese entender como propio da variedade de Lisboa, que na obra se presenta como referencia inequívoca da elocución elegante e digna de ser imitada (cf. Silvestre 2008: 214-216). Tal é o que con certeza se desprende da definición dada por Bluteau á voz *dialecto*, na que a relación entre os xeolectos portugueses e a modalidade lisboeta acha un paralelo esclarecedor na relación que o teatro percibía entre as variedades diatópicas italianas e o uso de Roma:

DIALECTO. Modo de fallar proprio, & particular de huma lingua nas diferentes partes do mesmo Reino; o que cõsiste no accento, ou na pronunciação, ou em certas palavras, ou no modo de declinar, & conjugar; & assim vemos, que no mesmo Reino de Portugal os da Provincia da Beira, de Entredouro, & Minho &c. não fallaõ, nem pronunc[...].aõ o Portuguez do mesmo modo, que os filhos de Lisboa. [...] Assim, se falla a mesma lingua Italiana em Napoles, & Veneza, mas com differente cõsonancia da Romana (Bluteau 1712-1728: III, s.v.).

Non me parece casual, nin moito menos, que nesta definición de Bluteau o uso lisboeta se contrapuxese explicitamente co propio das provincias do norte (“Provincia da Beira, de Entredouro, & Minho &c.”), xa que, como Castro (2006: 150-155) advertiu, o portugués que se promoveu como lingua padrón no dominante eixe Coimbra-Lisboa-Évora a partir da proclamación da dinastía de Avis como casa reinante a finais do século XIV caracterizouse polo rexeitamento das marcas setentrionais e antigas²:

² Neste contexto resultou excepcional a posición de João de Barros (1540: 56v), que na súa *Grammatica da lingua Portuguesa* enzalzou o portugués de “antre Douro e Minho” por ser “conservador da semente portuguesa”. Iso si, Barros deixou constancia

As transformacións lingüísticas entón registadas no portugués común, especialmente as fonolóxicas, poden ser interpretadas como recusas de un pasado que perdurava no norte, non apenas na Galiza mas tamén no Entre-Douro-e-Minho. O portugués común pasa por un proceso de elaboración que o separa das súas orixens e que se sente como unha renovación (Castro 2006: 155).

Paréceme sintomático dun estado de opinión daquela estendido que a estratexia presentativa que Bluteau adoptou para a súa definición da palabra *dialecto* fose a mesma que se observa no coñecido diálogo “Dos Dialectos da Lingoa Portuguesa” da segunda edición das *Regras da Lingua Portuguesa* de Jerónimo Contador de Argote (1725: 291-301; 1ª ed., 1721). En efecto, nesta peza Argote caracterizou os dialectos de Entre-Douro-e-Minho, a Beira, o Algarve e Trás-os-Montes sinalando os trazos en que diferían do da Estremadura, que é o único dos cinco principais que recoñeceu para o que non dispuxo unha presentación específica das súas variantes máis peculiares. Con certeza, o que desta metodoloxía tiñan que inferir os lectores da obra non podía ser outra cousa ca a evidencia de que para o seu autor era a variedade da Estremadura a que actuaba naquela altura como incontestable modelo de referencia en Portugal. Tamén debemos subliñar que a notable imparcialidade con que Argote expuxo neste diálogo as variantes que mellor caracterizaban as variedades diatópicas do portugués que nel distinguiu só a abandonou para aludir a “alguns *defeytos* da pronuncia do Algarve”³ e, sobre todo, para menosprezar algunhas “bárbaras” e “rústicas” formas dos dialectos transmontanos e miñotos, é dicir, das terras máis setentrionais do país e, por tanto, das máis próximas a Galicia: “Ha alguns de alguns lugares de Tras os Montes, e Minho nas rayas de Portugal, que são muyto barbaros, que quasi se não pòdem chamar Portuguez, mas só os usa a gente rustica daquelles lugares” (Argote 1725: 295-296).

de que esta súa opinión batía entón coa de “alguns indoutos” que desprezaban moitas voces miñotas “por não saberem a raiz donde nacem”, o que quere dicir que, en efecto, a mediados do século XVI xa había en Portugal unha corrente de opinión contraria ás variantes lingüísticas que tivesen un selo setentrional e antigo (isto é, “conservador da semente portuguesa”). Sobre esta cuestión cf. tamén Carrasco González (2016).

³ As itálicas son miñas.

Dá a impresión de que Raphael Bluteau encaraba estes rexionalismos con menos prexuízos ca Argote, talvez pola súa condición de estranxeiro e sen dúbida porque o espírito de acumulación con que elaborou o seu dicionario o impelía a admitir “todas as palabras das províncias, por veces com o objectivo de introducir noticias pitorescas sobre a etimologia de termos estranhos aos falantes de Lisboa” (Silvestre 2008: 215). Pois ben, entre as páxinas 501 e 504 do segundo suplemento que publicou na capital do Tejo en 1728 o teatino francés inseriu un “Vocabulario de Palavras e Modos de Falar do Minho, e Beira, &c. Cuja noticia não veyo a tempo de se lhe dar o seu lugar Alfabético neste Suplemento”⁴. Este glosario non pode deixar de suscitar o interese de quen estude o galego e as variedades diatópicas do Portugal setentrional⁵ nos séculos inmediatamente posteriores á Idade Media. Nas súas catro páxinas obsérvanse numerosas concomitancias luso-galaicas de carácter fonético, fonolóxico, gramatical e lexical, algunhas das cales comparecen tamén nos “VERSOS PORTUGUEZES, Compostos por hum curioso com palavras de Castello Rodrigo, e mais partes da Beira” que se len inmediatamente despois del, na páxina 505 do mesmo suplemento. Ora ben, moitas delas non se poden conceptualizar como estritamente luso-galaicas, unhas veces porque tamén se rexistran no espazo ástur-leonés e noutros casos porque se documentan nunha área aínda máis vasta.

Dados os límites temporais e espaciais a que se debe ater esta miña exposición, a maior parte destas concomitancias non poderá recibir aquí nada máis ca unha simple mención. No plano fonolóxico é obrigado referirse ao betacismo, visible non só nos numerosos casos de uso gráfico de por <v>⁶, senón tamén, por

⁴ Como ben advertiu Silvestre (2008: 409-410), este pormenor do subtítulo da peza non cadra coa realidade, xa que moitas das voces deste vocabulario do suplemento si se encontran como entradas do dicionario, por veces acompañadas dunha explícita indicación de que se trataba de palabras que só se usaban en certos territorios.

⁵ Da gran semellanza entre todas as variedades do Portugal do norte fíxose eco Jerónimo Contador de Argote (1725: 295), compañeiro de orde de Bluteau que no diálogo “Dos Dialectos da Lingoa Portuguesa” apuntou que o dialecto de Trás-os-Montes difería do da Estremadura “na pronuncia, e nas palavras, que condizem muyto com as da Beyra, e Entre Douro, e Minho”.

⁶ Véxanse: “A’ s berras, A’ s averras. [...] Bò beo, Veyo bom. [...] Binho, Vinho. [...] Binagre, Vinagre. Bacca, Vacca. Bolcar, Derrubar. Bolber, Virar. [...] Berceiras [probablemente de *verça*], humas hervas. [...] Bodos, Votos. [...] Embolber, Embrulhar”. O betacismo advírtese tamén no verso “eu teve ao *bella* tal pena”, que

hipercorrección, nos de <v> por en “Voy, [por] *Boy*” e mais en “Pruvrego, *Publico*”⁷. No compoñente fonético, ademais dos casos que presentarei con máis detención máis adiante, cómpre referir aquí a epéntese de iode antihiático de “A tona dayagua, *Ao decima da agua*” ou o cambio de /ou/ por /oi/ en “Oytro, *outró*”. A antiga asimilación consonántica consagrada en UB(Ī) ĪLLU(M) > *ub lo > ulo advírtese em “Ullo, ullo, *Que he delle?*”. Trazos da morfoloxía verbal irregular ben coñecidos en galego son os de “Fagamos isto, *Façamos isto*”, “Som, *Sou*” ou “Vom, *Vou*”. As concomitancias lexicais, por fin, son moitas máis das que sería sensato reflectir aquí: “Asirrar, *Açular*”, “Carpir, *Chorar*”, “Catar, *Buscar*”, “Congosta, *Azinhaga*”, “Cunca, *Tigela*”, “Enxebre⁸, *Sòmente, simplesmente*”, “Esmechar, *Dar, ferir a cabeça*”, “O meu heido, *A minha quinta*”, “Estonar, *Esbrugar*”, “Laberca, *Cotovia*”, “Mantença, *Sustento*”, “Matullo, *Torcida*”, “Neutrontem, *Antontem*”, “Nomeadas, *Nomes affrontosos*”, “Rececego, *Seidiço, ou de muito tempo*”, “Rojões, *Torresmos*”, “Tona, *Casca*”, etc. Esta relación, certamente, podería ser aínda bastante máis extensa.

Nesta comunicación limitareime a presentar seis noticias de carácter lexical ou fonético deste breve glosario de Bluteau que ou ben axudan a esclarecer certas pasaxes difíciles dalgunhas fontes escritas do galego medio ou ben encontran nestas fontes unha réplica exacta ou moi semellante. Actuando así, non farei outra cousa que reiterar a idea da ben coñecida continuidade xeolectal entre o galego e as variedades diatópicas do portugués setentrional, mais valéndome de informacións tomadas dunha peza lexicográfica

forma parte dos “VERSOS PORTUGUEZES, Compostos por hum curioso com palavras de Castello Rodrigo, e mais partes da Beira” (p. 505, v. 6).

⁷ Repárese en que a este uso hipercorrecto de /v/ por /b/, esperable en portugueses betacistas que tratasen infrutuosamente de adoptar o uso máis prestixiado, xa o mencionara Duarte Nunes de Leão na súa *Orthographia da lingoa portuguesa* de 1576: “O que muito mais se vee [a semellanza entre /b/ e /v/] nos Gallegos & em algũ s Portugueses d’ entre Douro & Minho, que por vós, e vósso, dizem bos, e bosso, & por vida dizẽ bida. E quasi todos os nomes, em que há .u. cõsoante mudão em .b. E como se o fizessẽ aas vexas, o que nos pronunciamos per .b. pronunçião elles per .v.” (Lião 1576: 4). A estas confusións (“*vom binho*”) propias da Beira, Entre-Douro-e-Minho e o sur de Trás-os-Montes referiuse tamén Vasconcellos (1987 [1901]: 95).

⁸ Obsérvese que as equivalencias que se dan para *enxebre* neste vocabulario tratan esta voz coma se fose un adverbio de modo, e non un adxectivo que significa ‘sen mestura’.

portuguesa ata o de agora pouco atendida, tanto en Portugal coma en Galicia.

2. *Aqueivar, Aquietar-se*⁹

O verbo *aqueibar*, escrito cun que denota betacismo, aparece en tres ocasións na *Contenda dos labradores de Caldelas* (1671), peza dramática galega coñecida desde a publicación da edición de Fermín Bouza Brey como *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño* (cf. Feixoo de Arauxo 1953). Nesas tres ocorrencias *aqueibar* foi usado como verbo non pronominal, en plena conformidade coa presentación que del había de facer décadas despois Raphael Bluteau:

Desque se acabou a guerra
 gerra quer esta canalla?
 Eu penso que an *daqueibar*
 co cano da miña bara (fol. 1v.; Mariño Paz 1997)

Non me quer *aqueibar* o pensamento,
 ò miolo me dà golpes sen tento.
 Ò juizo me dà mill aldrabadas,
 y o carcajo me dà bacorejadas (fol. 3v.; Mariño Paz 1997)

Non sei o que faran;
 cosais co esta tunda *aqueibaran*
 e non seran ousados
 de vir por lan è volber trasquilados (fol. 3v.; Mariño Paz 1997)

Esta voz é sumamente rara no conxunto das fontes escritas do idioma galego. Na lingua medieval non encontro ningún rexistro dela a través do *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG), ao paso que para o galego medio e o galego contemporáneo o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG) só devolve estes tres casos da *Contenda* de 1671. Tampouco vexo rastro dela nas obras lexicográficas do século XVIII e posteriores sobre as que se construíu o *Dicionario de dicionarios (Corpus lexicográfico da lingua galega)* (DdD). Polo contrario, esta voz si está no vocabulario miñoto e beirao que Bluteau integrou no segundo suplemento da súa magna obra, cun significado (“aquietar-se”) que cadra perfectamente cos tres usos do verbo que aparecen na peza dramática de Gabriel

⁹ A partir de aquí, os títulos das epígrafes 2, 3, 4, 5, 6 e 7 deste artigo reproducen textualmente as glosas de Bluteau que serán obxecto dun breve comentario.

Feijoo de Araújo, como por outra parte xa advertiu Bouza Brey (*apud* Feixoo de Araújo 1953: 6).

Obviamente, ningunha consecuencia sobre unha hipotética diferenza léxica entre o galego e o portugués debemos tirar do feito de que nas tres ocasións sexa o labrador galego Gregorio Roleiro quen utiliza este verbo, e non ningún dos personaxes portugueses da *Contenda*. Como ben observou Ferreiro (1996), a lingua empregada nesta obra presenta un amplo fondo común aos personaxes oriúndos de cada unha das dúas beiras do río Miño, con só “unha rápida e esquemática identificación dos antagonistas de Gregório Roleiro (o fidalgo e outras personaxes portuguesas) por meio dun oportuno revestimento de aparencia identificadora (disfarce teatral) portuguesa (a grafía ‘nh’, os ditongos nasais, a asimilación *pelo*, o indefinido *ninhun*, escollas léxicas caracterizadoras, etc.)” (p. 18). Neste contexto, o rexistro de *aqueivar* no *Vocabulario* de Bluteau, tan próximo no tempo da obra de Feijoo de Araújo, confirma que este verbo se empregaba daquela tanto no norte portugués como, polo menos, na área tudense galega.

Tanto do punto de vista fonético coma do semántico, parécese verosímil que *aqueibar* ou *aqueivar* sexa unha variante fonética de *alqueivar*. Segundo Morais Silva (1949-1959: s.v.), *aqueibar(-se)* ou *aqueivar(-se)* é un provincianismo que significa “dar descanso à terra; o mesmo que alqueivar” e que, por extensión, vale tamén por “serenar, aquietar, deter, demorar”. Consonte a mesma fonte, *alqueivar* é un verbo derivado do presumible arabismo *alqueive*¹⁰, substantivo masculino que Morais define como “terra lavrada que se não semeia, durante um ou mais anos para a conservar e conservar a sua força produtiva; terreno alqueivado, terra en pousio”. É obvio que nun territorio plenamente inscrito ata hai ben pouco na milenaria cultura agraria de orixe neolítica se daban circunstancias que propiciarían para *aqueibar* a creación da acepción figurada de ‘aquietarse, acougar’ a partir da de ‘deixar en barbeito’.

3. Samicas, *Por ventura*

Esta glosa de Bluteau ilumina á perfección a lectura destouta pasaxe da *Contenda dos labradores de Caldelas*, posta na boca, de

¹⁰ Está hipótese acéptana Cunha (1994: s.v.), a Academia das Ciencias de Lisboa (2001: s.v.) e Houaiss (2001: s.v.).

novo, do galego Roleiro¹¹:

Non sei, *sámica*, non, se me espillico,
quero decer, se libran o pelico
cantos os portugueses deron morte,
que os cubrirà muy boa sorte (fol. 3v.; Mariño Paz 1997)

Sámicas, catalogada polo propio Bluteau como palabra anticuada na correspondente entrada do volume VII do seu *Vocabulario Portuguez, e Latino*, xa fora rexistrada por Fernão de Oliveira (1536: cap. XXXVI) xunto a *acarão* ‘a par’ como unha voz propia daquelas “velhas” que “guardão muito a antiguidade das linguas porque fálão com menos gente”. Da existencia das variantes *sámica* e *sámicas* hai constancia no dicionario de Morais Silva (1949-1959: s.v.), que ilustra o seu uso con citas de obras de dous dramaturgos dos séculos XV e XVI: Gil Vicente, de quen sabemos que usou este adverbio con notable frecuencia, e Jorge Ferreira de Vasconcelos. As dúas son caracterizadas como antigas por Morais, quen de *sámica* remite a un *sámicas*² que define así: “Talvez, porventura, quiçá, também”¹².

Tamén este adverbio é voz rarísima no conxunto das fontes escritas do idioma galego. Non coñezo ocorrencias dela na documentación medieval (cf. TMILG) e o TILG só dá conta deste caso da *Contenda* no galego posterior, mentres que no *Dicionario de dicionarios* (DdD) non se encontra. Por tanto, o lector da peza de Feijoo de Araújo que non entenda esta pasaxe vese forzado a recorrer a Bluteau ou a outra fonte portuguesa para aclarala. Coma no caso de *aqueibar*, o testemuño galego de 1671 e o portugués de 1728 proporcionan indicios sobre a extensión que podería ter naquel tempo o territorio en que se usaba esta palabra.

¹¹ Xa o sinalou Fermín Bouza Brey: “*sámica* = por ventura, según BLUTEAU, que xa o daba no s. XVIII como verba de dialectoloxía miñota, e a transcribía *sámicas*” (*apud* Feixoo de Araújo 1953: 22).

¹² Velaquí, completos, os dous artigos lexicográficos de Morais: “*Sámica*. Ad[v]. Ant. O mesmo que *sámicas*²: “Como sois agastadiça! | Cuidareis que de preguiça | Não faço senão folgar, | Ou *sámica* estou dormindo?” Gil Vicente, *Auto da Lusitânia*, em *Obras*, II, 380.” [...] “*Sámicas*². Adv. Ant. Talvez, porventura, quiçá, também: “*Sámicas* é o lançol | Que vai naquela picota”, Gil Vicente, *Triunfo do Inverno*, em *Obras*, II, 463; “*Sámicas* ervilhaste tu!”, Id., *Auto da Fama*, *ibid.*, III, 44; “...que em vos *sámicas* cuidáveis que sou eu parvo...”, Jorge Ferreira de Vasconcelos, *Eufrosina*, prólogo, 5ª ed. de 1919”.

4. Nesedade, *Necessidade*

Estando en Baiona o 20 de maio de 1603, Beatriz da Serra ditoulle a un escribán dúas cartas que dirixía a don Diego Sarmiento de Acuña, señor de Gondomar. As diferenzas de contido entre ambas as misivas son mínimas, de modo que a “duplicidade [se debe] sen dúbida a que, unha vez enviada a primeira, se lle presentou a oportunidade dun segundo correo máis urxente ou máis seguro, por medio do ‘mensajeyro’ que menciona ao fin da carta” (Álvarez / Rodríguez Montederramo 2004-2005: II, 245). Na segunda destas misivas o favor que a remitente lle quería pedir a don Diego expresábase desta maneira:

Pedía a *vosa mercé* na que escribía que, pois senpre folgou onrrar a cassa de meu pay e anparala con súa nobressa e balor, *que* agora ma faza tan cresida, y he que a meu yрмаõ Jerónimo Fernández (?) de Ponteuedra, vn alcalde que foy da bila mesma passando as tropas dos soldados lle a feyto vma senjustiça tocándolle na onra, *que* he coussa *para* a cassa de meu pay de *muÿta* estima, e pois *vosa mercé* ho onrou en seu desposorio sendo seu padriño y a *señora* súa may, por seu balor me he **nesario** vma carta de man de *vosa mercé* e de outras pesoas *que* conesçan o *señor* gouernador deste rreyno para que fassa castigo e guarde a justiça anparándo[o] enela (*apud* Álvarez / Rodríguez Montederramo 2004-2005: I, 273).

Álvarez e Rodríguez Montederramo (2004-2005: II, 247), editores desta e doutras cartas remitidas ao señor de Gondomar entre finais do século XVI e principios do XVII, fixeron a seguinte advertencia sobre a súa actuación en relación co adxectivo *nesario* desta pasaxe:

Non interviñemos [...] en «por seu balor me he nesario», pois esa variante existe realmente en estilos non formais, cunha sorte de haplología a partir dunha pronuncia seseante de *necesario*, do tipo [nes' sarjo] ~ [ne:' sarjo] ~ [ne' sarjo]; o particular sistema representativo das sibilantes [desta carta] fainos pensar que non se trata dun simple lapsus gráfico.

Os usos gráficos observables no texto (cf. Álvarez e Rodríguez Montederramo 2004-2005: I, 228-231; II, 248) inducían estes editores a pensar que no idiolecto da súa remitente ou do seu redactor se debían de dar en *nesesario* factores que propiciarían a haplología, xa que nesta voz se sucederían dúas sílabas iniciadas

pola mesma consoante fricativa xorda, na que acabarían confluíndo os primitivos pares /dz/:/ts/ e /z/:/s/. Pois ben, a glosa que se encontra no vocabulario miñoto e beirao de Bluteau de 1728 (“Nesedade, *Necessidade*”) achega un testemuño dunha variante creada por haploloxía que non é distante nin no espazo nin no tempo do desta carta baionesa de 1603¹³. A glosa mostra tamén, obviamente, que a haploloxía operaba non só no adxectivo *necesario*, senón tamén no substantivo *necesidade*. E mostra, finalmente, que foi correcta a actuación dos editores da carta de Beatriz da Serra, pois confirma que esta variante haplolóxica non era, en efecto, un “simple lapsus gráfico”, senón que existía no galego tudense e nos estilos informais portugueses do norte, polo menos desde inicios do século XVII ata mediados do XVIII e probablemente durante moito máis tempo.

5. Troufe, Trage

No caso desta entrada cómpre reparar en que a palabra situada inmediatamente despois da coma non vai en letra itálica, senón en redonda¹⁴, o que do meu punto de vista quererá dicir que, como con toda a lóxica cabe supoñer, Bluteau non presentaba aquí *Trage* como equivalente de *Troufe* no portugués da corte e dos bos escritores, senón que exhibía dúas formas do paradigma de *trazer* (ou *trage*) que eran características dos falares miñotos e beiraos no primeiro terzo do século XVIII. Consonte este testemuño, *trage*, que como presente de indicativo fora frecuentemente utilizada nos textos portugueses medievais, tiña en 1728 un marcado selo dialectal fronte á común *traz*, noticia que ten sen dúbida un evidente interese para o lingüista histórico. Ora ben, é a forma *troufe*, talvez debida a unha desonorización da consoante final de *trouv*-¹⁵, a que será aquí

¹³ Persoalmente cónstame que as variantes haplolóxicas *nesidá* e *nesario* se usan aínda hoxe en estilos coloquiais do galego da costa sudoccidental.

¹⁴ Só noutros dous casos acontece o mesmo neste “Vocabulario” miñoto e beirao: no de “Estumago, Estomago” debemos de estar ante un simple lapso do impresor, mentres que no de “Porçolanas, toda a tigella” o que temos á dereita da coma non é unha equivalencia, senón unha definición.

¹⁵ Paréceme oportuno lembrar aquí que na *Notícia de Torto* de arredor de 1214 se le un *tefúosa* (o actual lugar de *Tebosa* < lat. (VILLA) TABULOSA) en que “o escriba ia cometer o erro de representar [v] por <f>, quando se deteve e acrescentou a grafía correcta” (Castro 2006: 142). En efecto, o -B- intervocálico de TABULOSA facía esperar un resultado con fricativa labiodental sonora *Tevoſa*, que en efecto se rexistra nas fontes medievais mais que mudou para *Tebosa*. Como na mesma *Notícia* se encontran tamén non só as alternancias entre *Ueracin* e *Feraçĩ* ‘Varzim’ e entre *uices* e *fezes/fize* ‘vez(es)’, senón incluso a de *testifíca*/*testiuigo* (< TESTIFICO), Castro

obxecto dun sucinto comentario, porque esta anotación tamén proxecta luz sobre unha pasaxe doutro texto epistolar galego do século XVII.

En efecto, a carta que Diego Sarmiento de Sotomayor lle escribiu a Diego Sarmiento de Acuña en Baiona o 8 de abril de 1605 abríase desta maneira:

Gran traballo é estar tan lonje do que bein se quer. E ysto podo eu dezer por *vosa mercé* y-este seu cativo, *que*, en naon vendo vn.a letra de *vosa mercé*, logo ando en pesqujsa de queim a tem, y-en béndoa, logo naon pregunto máis. E tíñame *vosa mercé* tan agastado que, se naon fora tenpo tan santo como é oje, estava *para* naon fazer ysto. Mais Noso *Señor* me encamiñou que ja que perdoava aos ynjmigos perdoase a meu dono e *señor*, e mais que fixese ysto nesta lingoaje, pois é de *vosa mercé* tan estimada. E por ela me **troufe** aquj, que coela despertaría *vosa mercé* do sono de correxidor. E se ev naom tibera aquj a *compañía* portuguesa ja fora desfeito das outras *naçoins que* aquj corren con muytos bentos. O *que troufer* a *vosa mercé* a esta súa terra será mijllor *que* o que traz as naos de contrataçaoim a este porto (*apud* Álvarez / Rodríguez Montederramo 2004-2005: I, 282).

Segundo Álvarez e Rodríguez Montederramo (2004-2005: II, 257), nas cartas deste correspondente do señor de Gondomar abundan as variantes diatópicas que son comúns ás dúas beiras do río Miño. Entre elas encóntrase este lexema *trouf-*, do que afirman que, se hoxe se descoñece nas falas miñotas de Galicia, puido no pasado ser empregado tamén nas terras situadas ao norte da fronteira fluvial:

Noutros [casos], en fin, son formas dialectais que hoxe coñecemos por se manteren nas falas miñotas veciñas, pero non descartamos que fosen compartidas outrora: así, miñ. *trouf-* como variante, con *trouv-*, *troix-* e *trouv-* (*sic*) no tema de pretérito do verbo *traer* (Álvarez / Rodríguez Montederramo 2004-2005: II, 257).

(2006: 142) apunta que o redactor deste manuscrito debía de ter dificultades para distinguir a fricativa labiodental sonora da fricativa labiodental xorda. Este testemuño da bracarense *Noticia de Torto*, unido a algún outros –escasos– do sur galego e do norte portugués (como *aproveytedes* ‘aproveitedes’ nun documento de 1271, cf. Maia 1986: 473), apuntan a un escenario en que podería encaixar unha presunta mudanza de *trouve* para *troufe*.

O ALGa 1 (mapas 386, 387), en efecto, non dá ningunha noticia do uso deste lexema en ningún punto da Galicia do último cuarto do século XX. Canto ás fontes portuguesas, soamente lembrarei aquí que o lexema *trouf-* tamén foi rexistrado como variante en uso nas terras de Entre-Douro-e-Minho por José Leite de Vasconcellos (1987 [1901]: 117), e que esta información foi confirmada poucos anos despois por Nunes (1989 [1919]: 334-335). O testemuño de Bluteau, datado en 1728, ten para nós, os filólogos galegos, o pequeno atractivo de achegar unha noticia temporalmente non demasiado distanciada do 8 de abril de 1605, o día en que Diego Sarmiento de Sotomayor escribiu *troufe* e *troufer* nunha carta que redactou estando na vila de Baiona.

6. Pruvreco, *Publico*

Batemos aquí cun testemuño que denuncia de novo a xa mencionada confusión do norte de Portugal entre /b/ e /v/ e, ademais, unha constante ben perceptible tamén tanto nos textos do galego medio coma no galego popular de todas as épocas: a propensión, nomeadamente clara nas voces cultas ou semicultas, a abrir /i/ en /e/ e /u/ en /o/ nas posicións átonas (*argomento, lástema, retóreca...*). Mais o que desta entrada do vocabulario miñoto e beirao me interesa agora non é isto, senón o tratamento do grupo consonántico homosilábico /bl/ que nela se aprecia¹⁶, que desde a Idade Media acha contigüidade territorial tanto no espazo ásturleonés (cf. Zamora Vicente 1979: 137-138; Borrego Nieto 2006: 145, 148, 152) coma no galego.

En efecto, como indico nun traballo que proximamente publicarei (Mariño Paz: no prelo), o estudo das fontes de estudo dispoñibles mostra que non só as voces semicultas, senón tamén as cultas e os préstamos tomados doutras linguas que presentaban un grupo homosilábico con /l/ en segunda posición tenderon a acomodarse no galego medieval con transformación da líquida lateral en líquida vibrante, mais non sen que na documentación conservada houbera tamén lugar para as variantes que mantiñan o /l/ (*aflixon* e *afrixon*, *conplir* e *conprir*, *veabro* e *veablo*, etc.). Nas fontes do galego medio esta tendencia amósase moi consolidada, sen dúbida porque se correspondía con hábitos tamén consolidados na

¹⁶ Este tratamento tamén se advirte nos “VERSOS PORTUGUEZES, Compostos por hum curioso com palavras de Castello Rodrigo, e mais partes da Beira” (p. 505), nos que se len *repicoume* (v. 9), *expircarse* (v. 22) e *exemplo* (v. 54).

lingua oral, que para boa parte dos escritores en galego daquel tempo era case a única referencia de uso dispoñible. Efectivamente, nos textos en galego dos séculos XVI, XVII e XVIII que hoxe coñecemos os cultismos e os préstamos tardíos (nomeadamente castelanismos) que presentaban un grupo homosilábico con /l/ como segundo elemento comparecen maioritariamente con substitución desta consoante por /t/: *acramazòn, craríns, probrema, tempo, tñebras...* Así mesmo, os semicultismos que adquiriran xa na época medieval esta consoante vibrante adoitan mantela nestas fontes: *branduras, escraua, fracamente...* Ademais, algunhas glosas redactadas polo padre Sarmiento entre 1746 e 1770 tornan evidente que para el as variantes con consoante vibrante eran galegas e as formas con lateral, castelás:

El castellano tomó de *flo* la voz *flato* y *flauta*, y el gallego *frauta* y *frauteira* que no creo se usa sino que se usó (CVFG, p. 206).

De *sufflo, sufflare* dijo el castellano *soplar* y el gallego *soprare*, y aun *asoprare* de *adsufflare* (CVFG, p. 207).

Na praza, del latín *platea* zezeando la T formó el castellano *plaza* y el gallego *praza* (CVFG, p. 441).

La *copla* castellano y *copra* gallego, tienen la misma raíz en el latín *copula*, porque los versos se *acoplan* unos con otros (CVFG, p. 444).

A repercusión de consoante vibrante no adxectivo glosado por Bluteau que encabeza esta epígrafe (*pruvreco*) tamén se coñece nas fontes galegas reunidas no TILG, aínda que, certamente, non abunda nelas, xa que *prúbrico* só aparece nun texto de 1886 e noutro de 1928. Da tendencia galega a facer epéntese antietimolóxica da consoante vibrante despois de oclusiva ou de /f/ foron ben conscientes os beneditinos Sarmiento e Sobreira no século XVIII:

Asta. Adverbio. Ya hoy [1745] dicen muchos *astra*, y no era así en mi tiempo (CVFLG, p. 329).

Gualdra, goldra, llaman así en Lugo a la *gualda* añadiendo una R (CVFLG, p. 485).

Así la voz [feixa] vendrá de [...] y el decir algunos “freijas” será por el abuso de añadir R como: *fejions, freijons*, etc. (VG1745, p. 116).

R. Suele añadirse entre consonante y vocal de última sílaba de dicción, como: *Cacífro, Espaldra, Faldra*, por *Caciño, Espalda* (PDG, p. 456).

Unha vez máis, por tanto, o testemuño de Bluteau deixa constancia da continuidade xeolectal luso-galaica no que atinxe a unha determinada variable lingüística. Iso si, tamén volve a acontecer neste caso que o que para o teatino era un dialectalismo setentrional propio dos rexistros informais pero totalmente inadecuado en portugués para a dicción e a escritura elegantes e refinadas, nas fontes do galego medio, producidas en estado de carencia de modelos cultos percibidos como tales polo conxunto da comunidade dos falantes, aparece como unha variante moi estendida pero carente para a maioría dunha alternativa formal e prestixiosa.

7. *Austinado, Obstinado*

Achámonos agora ante o rexistro dun cultismo en que se observa un tratamento debilitador dunha consoante forte situada na distensión da coda silábica. Trátase, concretamente, da transformación dunha oclusiva bilabial sonora en semiconsoante velar, un tratamento que, se no portugués do século XVIII se sentía como un dialectalismo beirao ou miñoto inconcibible nos rexistros formais¹⁷, no galego da época resultaba para o padre Sobreira a única solución auténtica:

AB Sílaba de muchas dicciones antiguas gallegas, que en el idioma actual de Galicia se pronuncia, y debe escribirse AU, como: *ausolución* y *austinencia* por los nombres antiguos *absolución* y *abstinencia* (PDG, p. 3).

ABS. Todas las dicciones castellanas o gallegas antiguas, que se encuentren con esta inicial, se reducen a las de ÁUS, por lo dicho en AB, o en AS o en ES (PDG, p. 40).

B. Nunca se halla en fin de dicción ni de sílaba, ni sin vocal que hiera (PDG, p. 343).

B. En medio de las dicciones extranjeras, cuando no hiere vocal, se convierte en U, como *Austemio* por *Abstemio* (PDG, p. 343).

Estas observacións, escritas entre 1792 e 1797, expresan a convicción de que os cultismos e as “diccións extranjeras” que

¹⁷ Moito despois, José Joaquim Nunes (1989 [1919]: 125) rexistrou a mesma palabra *austinado* como alternativa “popular” de *obstinado*.

contiñan /b/ na súa coda se introducían daquela na nosa lingua transformando esa consoante oclusiva en [w] ou eliminándoa, mais nunca conservándoa en posición final de sílaba. Sobreira, por tanto, non concibía como autenticamente galegas as esmeradas pronunciacións con mantemento de /b/, que ao seu modo de ver eran características de *diccións* estranxeiras ou antigas. Como mostro en Mariño Paz (no prelo), é idéntico a este o proceder que se observa nas papeletas doutras voces inequivocamente cultas e de entrada tardía recompiladas tamén por este beneditino para as que cabe presumir que ao final do XVIII coexistirían variantes con semiconsonantización de /b/ en [w], variantes con supresión da consoante oclusiva e incluso, por moito que el as silenciase, variantes con mantemento de /b/ nas variedades diastráticas e diafásicas máis distanciadas da oralidade popular: *ausolucion*, *ausoluto*, *ausorto*, *austinencia*... Os non moi abundantes datos que se poden extraer dos textos escritos na época moven a convir no esencial co parecer de Sobreira sobre as tendencias observables no galego daquel tempo a este respecto: a semiconsonantización labiovelar advírtese en formas como *ausoluto*, *ausuluzon* ou *oubiar* ‘obviar’, mentres que a supresión da consoante oclusiva se dá en *obiar* ou *ojetos* e o tratamento conservador resulta moi infrecuente (*obsequio*).

A glosa de Bluteau que encabeza esta epígrafe revela unha nova concomitancia lingüística entre as variedades setentrionais portuguesas e as galegas, aínda que, certamente, o fenómeno que aquí tratamos tivo e aínda ten unha extensión territorial que supera amplamente as fronteiras de Galicia e de Portugal. A constatación desta coincidencia debe completarse, de novo, coa ponderación da diferente consideración que un mesmo tratamento dos cultismos con /b/ na coda lles mereceu a dúas persoas letradas temporalmente próximas e establecidas en dúas comunidades lingüísticas que, sendo veciñas e compartindo estreitos lazos históricos, estaban instaladas en contextos sociolingüísticos moi distintos: o que para Bluteau era un dialectalismo impropio do portugués refinado para Sobreira era a única solución autenticamente galega.

8. Colofón

O “Vocabulario de Palavras e Modos de Falar do Minho, e Beira, &c.” (1728) de Raphael Bluteau é unha pequena peza

lexicográfica portuguesa que, a pesar do seu innegable interese para nós, parece ter pasado desapercibida ata o de agora no campo científico da filoloxía galega. Con esta contribución espero contribuír a sacala do esquecemento en que actualmente se encontra entre nós, xa que se trata dun testemuño que pode achegar informacións que aclaren certas pasaxes difíciles de textos do galego medio e que completen o noso coñecemento sobre o percurso histórico da nosa lingua entre o ocaso medieval e o alborear do século XIX.

Bibliografía

- Academia das Ciéncias de Lisboa (2001): Academia das Ciéncias de Lisboa, *Dicionário da língua portuguesa contemporânea da Academia das Ciências de Lisboa*, 2 vols., Lisboa, Verbo.
- ALGa 1: Instituto da Lingua Galega (1990), *Atlas lingüístico galego*. Vol. 1: *Morfoloxía verbal*, 2 vols., A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Álvarez / Rodríguez Montederramo (2004-2005): Rosario Álvarez / Xosé L. Rodríguez Montederramo, “Escrita epistolar en galego: a correspondencia de Don Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar (1567-1626)” (I), *Boletín da Real Academia Galega* 365, pp. 253-291; e (II), *Boletín da Real Academia Galega* 366, pp. 225-303.
- Argote (1725): Jerónimo Contador de Argote, *Regras da lingua portugueza, espelho da lingua latina*, Lisboa, Na Officina da Musica (1ª ed., 1721) [Accesible na Biblioteca Nacional Digital-Biblioteca Nacional de Portugal: <http://purl.pt/10>; consulta: maio e xuño de 2016].
- Barros (1540): João de Barros, *Grammatica da lingua Portuguesa*, Lisboa, Lodouicum Rotorigium Typographum. [Accesible na Biblioteca Nacional Digital-Biblioteca Nacional de Portugal: <http://purl.pt/12148>; consulta: maio e xuño de 2016].
- Bluteau (1712-1728): Raphael Bluteau, *Vocabulario Portuguez, e Latino. Aulico, Anatomico, Architectonico, Bellico, Botanico, Brasilico, Comico, Critico, Chimico, Dogmatico, Dialectico, Dendrologico, Ecclesiastico, Etymologico, Economico, Florifero, Forense, Fructifero, Geographico, Geometrico, Gnomonico, Hydrographico, Homonymico, Hierologico, Ichtyologico, Indico, Isagogico, Laconico, Liturgico,*

Lithologico, Medico, Musico, Meteorologico, Nautico, Numerico, Neoterico, Ortographico, Optico, Ornithologico, Poetico, Philologico, Pharmaceutico, Quidditativo, Qualitativo, Quantitativo, Rhetorico, Rustico, Romano, Symbolico, Synonimico, Syllabico, Theologico, Terapeutico, Technologico, Uranologico, Xenophonico, Zoologico, autorizado com exemplos dos melhores escritores portuguezes, e latinos e offerecido a El Rey de Portugal, D. João V [...], Coimbra, No Collegio das Artes da Companhia de Jesu [vols. I e II, 1712; vols. III e IV, 1713] / Lisboa: Oficina de Pascoal da Sylva [vol. V, 1716; vols. VI e VII, 1720; vol. VIII, 1721] / Lisboa: Oficina de Joseph Antonio da Sylva [Supplemento I, 1727] / Lisboa: Na Patriarcal Oficina da Musica [Supplemento II, 1728]. [Accesible na Biblioteca Nacional Digital-Biblioteca Nacional de Portugal: <http://purl.pt/13969>; consulta: maio e xuño de 2016].

- Borrego Nieto (2006): Julio Borrego Nieto, "Leonés", in Manuel Alvar (dir.), *Manual de dialectología hispánica. El Español de España*, 3ª impr., Barcelona, Ariel, pp. 139-158.
- Carrasco González (2016): Juan María Carrasco González, "A lingua portuguesa na fin da Idade Media", in Ramón Mariño Paz / Xavier Varela Barreiro (eds.), *A lingua galega no solpor da Idade Media*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 37-66.
- Castro (2006): Ivo Castro, *Introdução à História do Português*. Segunda edição revista e muito ampliada, Lisboa, Colibri.
- Cunha (1994): Antônio Geraldo da Cunha, *Dicionário etimológico Nova Fronteira da língua portuguesa*. 2ª edição revista e acrescida de um SUPLEMENTO, Rio de Janeiro, Nova Fronteira.
- CVFG: Fr. Martín Sarmiento (1970), *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado, Salamanca, Universidad de Salamanca [1746-1770].
- CVFLG: Fr. Martín Sarmiento (1973), *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Edición y estudio por J. L. Pensado, Salamanca, Universidad de Salamanca [1746-1755].
- DdD: Antón Santamarina (coord.) (2006-2013), *Dicionario de dicionarios (Corpus lexicográfico da lingua galega)*. Seminario

- de Lingüística Informática - Grupo TALG / Instituto da Lingua Galega [<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>]. [Consulta: xuño de 2016].
- Feixoo de Araúxo (1953): Gabriel Feixoo de Araúxo, *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño*. Transcripción, limiar e notas de Fermín Bouza Brey. Ilustracións de Xohán Ledo, Vigo, Monterrey.
- Ferreiro (1996): Manuel Ferreiro, "O portugués como ficción dramática. (A fronteira lingüística no entremés *A Contenda dos Labradores de Caldelas* [1671])", in Juan María Carrasco González / Antonio Viudas Camarasa (eds.), *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera (Cáceres, 1 al 3 de diciembre de 1994)*, Cáceres, Universidad de Extremadura, vol. 2, pp. 9-32.
- Houaiss (2001): Antônio Houaiss *et alii*, *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*, Rio de Janeiro, Objetiva.
- Lião (1576): Duarte Nunez do Lião, *Orthographia da lingoa portuguesa*, Lisboa, João de Barreira. [Accesible na Biblioteca Nacional Digital-Biblioteca Nacional de Portugal: <http://purl.pt/15>; consulta: maio e xuño de 2016].
- Maia (1986): Clarinda de Azevedo Maia, *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*, Coimbra, Instituto Nacional de Investigação Científica.
- Mariño Paz (1997): Ramón Mariño Paz, "Edición do *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* (1671)", *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do Norte de Portugal* 1, s.p.
- Mariño Paz (2002-2003): Ramón Mariño Paz, "18th century linguistic mentality and the history of the Galician language", *Estudios de sociolingüística* 3, 2 (2002) & 4 (1) (2003), pp. 1-41.
- Mariño Paz (no prelo): Ramón Mariño Paz, *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Morais Silva (1949-1959): António de Moraes Silva, *Grande dicionário da língua portuguesa*, 10^a ed. revista, corrigida, muito aumentada e actualizada segundo as regras do acordo ortográfico luso-brasileiro de 10 de agosto de 1945, 12 vols., Lisboa, Confluência.

- Nunes (1989): José Joaquim Nunes, *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa (Fonética e Morfologia)*, Lisboa, Clássica Editora [1ª ed.: Lisboa, Clássica Editora, 1919].
- Oliveira (1536): Fernão de Oliveira, *Grammatica da lingoagem portuguesa*, Lixboa, e[m] casa d' Germão Galharde. [Accesible na Biblioteca Nacional Digital-Biblioteca Nacional de Portugal: <http://purl.pt/120/1/index.html#/html>; consulta: outubro de 2016].
- PDG: Fr. Juan Sobreira (1979), *Papeletas de un diccionario gallego*. Edición y estudio crítico por J. L. Pensado, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijóo [1792-1797].
- Silvestre (2008): João Paulo Silvestre, *Bluteau e as Origens da Lexicografia Moderna*, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- Stegagno Picchio (1959): Luciana Stegagno Picchio, "La questione della lingua in Portogallo", in João de Barros, *Diálogo em louvor da nossa linguagem*. Lettura critica dell' edizione del 1540 con una introduzione su "La questione della lingua in Portogallo" a cura di Luciana Stegagno Picchio, Modena, Editrice Modenese, pp. 5-54.
- TILG: Antón Santamarina (dir.) (2003), *Tesouro Informatizado da Língua Galega* (Instituto da Língua Galega – Universidade de Santiago de Compostela) (<http://ilg.usc.es/TILG/>). [Consulta: xuño de 2016].
- TMILG: Xavier Varela Barreiro (dir.) (2004-), *Tesouro Medieval Informatizado da Língua Galega*, Santiago de Compostela, Instituto da Língua Galega. [<http://ilg.usc.es/tmilg>] [Consulta: xuño de 2016].
- Vasconcellos (1987): João Leite de Vasconcellos, *Esquisse d' une Dialectologie Portugaise*, Lisboa, Instituto Nacional de Investigação Científica [1ª ed.: Paris / Lisboa: Aillaud & Cie., 1901].
- Vásquez Cuesta (1988): Pilar Vásquez Cuesta, *A língua e a cultura portuguesas no tempo dos Filipes*, Lisboa, Publicações Europa-América. Tradución de Mário Matos e Lemos [Edición orixinal: Pilar Vázquez Cuesta, *La lengua y la cultura*

portuguesas en el siglo del Quijote, Madrid, Espasa-Calpe, 1986.].

Vázquez Corredoira (1998): Fernando Vázquez Corredoira, *A construción da lingua portuguesa frente ao castelhana. O galego como exemplo a contrario*, Santiago de Compostela, Laiovento.

VG1745: Fr. Martín Sarmiento (1775), *Viaje a Galicia (1745)*. Edición y estudio por J. L. Pensado, Salamanca, Universidad de Salamanca.

Zamora Vicente (1979): Alonso Zamora Vicente, *Dialectología española*. Segunda edición muy aumentada, Madrid, Gredos [1ª ed.: Madrid: Gredos, 1960].